

AO SERVIZO DA CLASE
TRABALLADORA

CONSTRUÍR NOVAS
REALIDADES

UN SINDICATO NON TEN
QUE DEBERLLE FAVORES A
NINGUÉN

A CGT ESTIVO ALÁ ONDE
SE LLE NECESITOU

A CGT SÓ PODEMOS
PROMETER UNHA COUSA:
TRABALLO

DECIDEN AS PERSOAS

A LOITA É O ÚNICO
CAMIÑO



ELIXE
CGT




www.cgtgalicia.org



Confederación
Xeral do
Traballo

Un sindicato debe ser unha ferramenta **ao servizo da clase traballadora**, unha ferramenta de loita e para conseguir mellores condicións laborais para todos e todas, pero tamén ten que ser unha maneira de **construír novas realidades**, atacando ao corazón do sistema, defendendo a aquelas persoas que a sociedade lanza máis aló das marxes, defendendo o planeta e a dignidade dos nosos maiores.

Un sindicato non ten que deberlle favores a ninguén, nin a empresarios, nin a entidades financeiras, nin a partidos políticos, nin ás altas esferas dos medios de comunicación.



Porque **un sindicato debe representar os traballadores e as traballadoras** e defender os seus intereses. E nada máis. Un sindicato xamais debe ser unha empresa que se represente e defenda a si mesma. Porque iso non é un sindicato. Iso é outra cousa.

A CGT leva dando a cara moitos anos. Soubo cal é o seu sitio en cada momento e **estivo alá onde se lle necesitou**. Ese é o noso maior aval. Que ninguén poida poñer en dúbida a nosa entrega e o noso compromiso. Porque a CGT é un proxecto onde deciden as persoas, onde decides ti. Na CGT non son as cúpulas quen decide sobre o teu futuro desde afastados despachos.

A CGT é un proxecto real feito por persoas reais e comprometidas. Xente ilusionada que non se resigna, porque aprendemos que **a loita é o único camiño** e que eses cambios que favorecerán que as cousas sexan máis justas son posibles.

Pero para que iso suceda hai que ter claro, en primeiro lugar, ao lado de quen estou: a clase traballadora. E non hai que encherlle á xente a cabeza con promesas electorais baleiras de contido, porque desde a **CGT** só podemos prometer unha cousa: **traballo**. Ese é o noso programa electoral: **traballo, traballo e traballo**. Calquera outra promesa pareceríanos deshonesto cara a vós e vós.

NIN NOS VENDEMOS

NIN NOS RENDEMOS

